

Reintegro gastos individuais de formación 2019

Artigo 2

Elimínase o punto 5 deste artigo. A consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das contías de reintegro, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web. **Para nós é necesaria esta publicación. Non saben por que o retiran, pero din que van publicar todo como até agora, volven apoiarse na transparencia.**

Artigo 3

Nel indícase para que actividades de formación se concederán os reintegros, non consta entre as temáticas relacionadas o fomento e normalización da lingua galega.

En canto a que as contías percibidas están suxeitas ás retencións que legalmente lles correspondan, insistimos, como en anteriores convocatorias, en que non se trata dun rendemento do traballo senón dunha axuda asimilable ás dietas de desprazamento que non están suxeitas a retencións. A Administración educativa debe negociar este tema coa Axencia Tributaria xa que esta fai unha interpretación que prexudica ao profesorado. **Din que é un tema da axencia tributaria, comprométense a volver facer a consulta.**

Artigo 4

Debería haber só unha quenda que quede aberta todo o ano. O último día do prazo para a presentación das solicitudes é do 10 de outubro e non sempre se coñecen todas as actividades que se poden realizar até decembro con anterioridade a esa data. **Non o van a modificar.**

En canto á documentación, pedimos que se aclare por que agora se pide convocatoria e antes fotocopia da convocatoria. **Achácano a nomenclatura, que non cambia nada.**

Non acabamos de ver como positiva a aclaración que se fai en canto á documentación complementaria, por exemplo, fálase de que nas actividades realizadas no territorio español non organizadas por universidades hai que presentar documentación acreditativa de que actividade consta co recoñecemento da administración, cando iso xa debería constar no propio diploma. **A administración confirma o dito por nós, pero di que é para casos non claros.**

Tampouco entendemos a diferenza de tratamento entre as universidades estatais e as estranxeiras, por que ás segundas non lle esixides a aprobación da Xunta de Goberno? **Din que saben que é diferente, pero que ou limitan a posibilidade ás universidades do estado ou non saberían que pór, que a opción é eliminar as universidades estranxeiras.**

Artigo 6

Solicitamos formar parte da comisión de valoración. **Non o aceptan.**

Non estamos de acordo en que na orde de prelación de persoas beneficiarias ocupe o primeiro lugar a modalidade 6 de licenzas por formación (perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior). **Non o van cambiar.**

Neste artigo débese eliminar na orde de prelación o apartado c que coloca ao persoal interino en último posto á hora de poder acceder aos reintegros. **Non o aceptan.**

Solicitamos a substitución do correo .es polo .gal, tal e como corresponde a unha administración galega. **Van corroborar que é posíbel e de selo farano.**